

CUESTIÓN DE... MEMORIA?

Con esta actividade traballamos

O concepto da inxustiza na asignación de recursos e oportunidades.

Durará

Unha sesión

Consideracións previas

Aínda que o texto que entregaremos é o mesmo para todos os grupos, cada un conta cunhas pautas diferentes á hora de transmitir a mensaxe.

Colocar as cadeiras en tres filas, de maneira que os tres grupos estean o máis afastados posible.

Entrégase a mensaxe aos que ocupan a primeira posición (A) á parte do resto da clase e sen contacto entre eles, memorízano e devolven, só pode tomar notas o do grupo 1.

Ao explicar as dúbidas, facelo grupo a grupo, para que non se coñezan as diferenzas.

Desenvolvemento

Dividir á clase en tres grupos, de número o máis similar posible. Entregar a cada grupo a súa folla de instrucións.


Cando todos comprendan as instrucións, pedir a cada grupo que se coloquen sentados en liña. Chamar aos que ocupan a primeira posición para que vexan a mensaxe.

Cando todos os grupos teñan pasado as súas mensaxes, as persoas da última posición len a mensaxe que escribiron e as pautas do seu grupo, comezando polo grupo 3 e acabando polo 1.

Despois, ler a mensaxe orixinal, reflexionar co alumnado con preguntas como estas:

- Cal foi o grupo que transmitiu a mensaxe máis fielmente?
- É xusto valorar aos tres grupos por igual?, por que?
- Como vos sentistes realizando a actividade?
- As condicións foron iguais para todos?
- Pensades que, cunha repartición xusta das posibilidades, os grupos poderían conseguir resultados similares?
- Como definiríades, cunha soa palabra, as condicións dos grupos nesta actividade?

Instrucións Grupo 1


Debedes colocarvos en fila segundo o seguinte esquema: 

Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Podedes preguntar e aclarar dúbidas coa persoa que vos pasa a información e tomar notas, aínda que non podedes ensinalas á seguinte persoa cando vos toque transmitila.

Ao final, quen ocupa o posto B, apunta a mensaxe que lle transmiten.

Instrucións Grupo 2


Debedes colocarvos en fila segundo o seguinte esquema: 

Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Podedes preguntar e aclarar dúbidas coa persoa que vos pasa a información.

A persoa que ocupa o posto B, única do grupo que ten papel e lapis, apunta a mensaxe que lle transmiten.

Instrucións Grupo 3

Debedes colocarvos en fila segundo o seguinte esquema: 

Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Debedes memorizar a información que se vos pasa. A mensaxe debe ser transmitido dunha soa vez, non se pode repetir nin solicitar calquera tipo de pregunta nin aclaración.

A persoa que ocupa o posto B, única do grupo que ten papel e lapis, apunta a mensaxe que lle transmiten.

TEXTO DA MENSAXE

“Segundo a FAO, prodúcese o suficiente para alimentar a case o dobre da poboación mundial actual. Pero, aínda así, segue habendo uns 800 millóns de persoas que non poden comer, ás que non se lles recoñece de maneira real o seu dereito fundamental a alimentarse.”

PARECÉMONOS

Con esta actividade traballamos

Reflexionar sobre o valor da empatía.

Durará

Unha sesión.

Consideracións previas

Colocar os/as participantes sentados/as nun círculo. Elixir o azar, ou de calquera outra maneira a xuízo do/a educador/a, á persoa que será a primeira en compartir algo que lle gusta e algo que lle dá medo, cos demais.

A **empatía** é a capacidade de poñerse no lugar dos e das demais. É fundamental para comprender en profundidade todo o que outra persoa trata de transmitirnos e así relacionarnos mellor con quen nos rodea. As persoas empáticas son aquelas capaces de entender os problemas e motivacións alleos. Esta capacidade inclúe non só o que unha persoa entenda o que lle sucede á outra, senón tamén que lle importe e comparta os seus sentimentos.

Sen empatizar, nunca seremos capaces de coñecer en profundidade as situacións e sentimentos das persoas que nos rodean e, por tanto, non seremos capaces de ofrecer unha axuda eficaz a esas persoas.

No desenvolvemento da actividade comézase por compartir gustos, para ir avanzando, aos poucos cara a outros sentimentos.

Desenvolvemento

Explicar o desenvolvemento da dinámica:

Empezamos por unha persoa calquera do círculo e pedímoslle que exprese en voz alta algo que lle gusta especialmente ou unha afección e algo que lle desagrada, enunciándoo así: “Gústame...” e “desagrádame...”.

Nese momento, quen comparta eses sentimentos coa persoa, deberán levantar a man.

O educador/a irá tomando nota das coincidencias utilizando para iso o persoal que facilitamos no Anexo da actividade. Todo o anotado será necesario para poder realizar a reflexión final en gran grupo.

A continuación, seguindo a orde das agullas do reloxo, as seguintes persoas expresarán o que lles gusta e desagrada, mentres as demais van levantando a man en función das coincidencias. Cando se completou o círculo, pasarase á reflexión.

Hai que reflexionar

O educador/a anotará no encerado un resumo que inclúa o que gusta e o que desagrada que suscitaron máis coincidencias e reflexionará co grupo a partir de preguntas como estas:

- Démonos conta da cantidade de coincidencias que temos cos/coas demais?
- Compartimos moitos sentimentos con outras persoas?
- Énos máis fácil entender os gustos doutras persoas cando coinciden cos nosos?

É moi importante saber que moitas persoas comparten connosco os mesmos gustos, pero máis importante é aprender a respectar aos que teñen gustos diferentes aos nosos.

- Criamos que eramos únicos/as aquilo que nos desagrada?
- Podemos entender mellor a outras persoas e a súa maneira de actuar se coñecemos os seus medos?

[illegible]